



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O INICIO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE INTEROPERABILIDADE DA RENDA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA

En Santiago de Compostela, **13 JUN. 2018**

REUNIDOS

Dunha parte, Don José Manuel Rey Varela, na súa condición de conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social

e doutra dona Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, nomeada polo Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

As partes teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente acordo, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Política Social, segundo o Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería Social, crea a Dirección Xeral de Inclusión Social que, como órgano de dirección, asume a responsabilidade na consecución dun maior impulso no deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de inclusión social, inmigración e servizos sociais comunitarios.





Segundo.- Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) segundo o artigo 6 do seu estatuto aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta de Galicia en materia de tecnoloxías da información e en concreto o impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica, como elemento indispensable para a modernización da Administración pública.

Terceiro.- As normas básicas reguladoras do procedemento administrativo e o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, asumen que unha das principais necesidades para avanzar na administración electrónica é poder interoperar entre sistemas (poder intercambiar datos e documentos entre administracións de forma electrónica) e, así, evitar pedir ao cidadán a achega de documentos emitidos por outras Administracións públicas.

Cuarto.- O Esquema Nacional de Interoperabilidade, regulado polo Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, determina o conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización que deberán ser tidos en conta polas Administracións públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade, entre estas e cos cidadáns.

Quinto.- A publicación das normas técnicas de interoperabilidade, de obrigado cumprimento polas Administracións públicas, desenvolven aspectos concretos da interoperabilidade entre as Administracións públicas e os cidadáns. Dentro das normas técnicas de interoperabilidade, cabe destacar a Norma Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de intermediación de datos, regulada a través da Resolución do 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, que describe as condicións necesarias para o intercambio de certificados e datos de forma electrónica.

Sexto.- A cooperación entre administracións públicas é esencial para garantir o dereito que teñen os cidadáns de relacionarse con elas por medios electrónicos e non achegar documentos que obren no seu poder.

Sétimo.- A Xunta de Galicia conta co nodo de interoperabilidade, pasaXe!, consistente nunha plataforma tecnolóxica que permite establecer as relacións necesarias dentro da propia administración





autonómica galega e con outras administracións, para o intercambio de datos e documentos, coas garantías xurídicas suficientes.

Oitavo.- A finalidade de pasaXe! é evitar á persoa demandante de servizos públicos a presentación de documentación que xa obre en poder da Administración, así como a simplificación do acceso a esta documentación para a axilización da tramitación dos procedementos administrativos. Esta plataforma, ademais de posibilitar o consumo de servizos da Administración Xeral do Estado e doutras Administracións públicas, permite publicar servizos que poidan ser de utilidade noutras áreas da Xunta de Galicia ou terceiros (AGE, CCAA e EELL).

Noveno.- A renda de integración social de Galicia, creada pola Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, configurouse como un dereito recoñecible que se desdobra en dous aspectos inseparables: atender necesidades básicas mediante unha prestación económica condicionada ao cumprimento dun proxecto de inserción.

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no seu título I regula a renda de inclusión social de Galicia, que é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

Décimo.- O recoñecemento dos dereitos de inclusión social de Galicia correspóndelle aos órganos competentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma, en colaboración cos concellos conforme o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, con competencias en inclusión social.

Undécimo.- A partir da información da que dispoñen os órganos competentes na renda de inclusión social de Galicia é posible coñecer se unha persoa é beneficiaria da renda de inclusión social de Galicia, dos importes anuais percibidos e aqueles outros que recibisen no ano no que se realiza a consulta.





Duodécimo.- Que as partes asinantes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións formalizar o presente acordo que facilita o intercambio de datos e documentos entre administracións de forma electrónica e, así, evitar pedir ao cidadán a achega de documentos emitidos polas Administracións públicas. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público prevé, no seu artigo 14, que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre si, formalicen acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar o presente acordo de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente acordo entre a Consellería de Política Social e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) ten como obxecto o inicio da prestación do servizo de intercambio de datos da Renda de Inclusión Social de Galicia, a través do nodo de interoperabilidade de Galicia pasaXel, de conformidade co establecido no presente acordo e na normativa aplicable na materia.

Segunda.- Alcance

Coa formalización deste acordo habilitaranse os servizos de interoperabilidade que permiten coñecer se unha persoa é beneficiaria da Renda de Inclusión Social de Galicia, os importes anuais percibidos e aqueles outros que reciben no ano no que se realiza a consulta.

Deste xeito, a partir do NIF (DNI ou NIE) da persoa obxecto de consulta, os servizos que se habilitan permitirán coñecer:





- Se esta persoa é beneficiaria da renda de inclusión dixital de Galicia, na data que se realiza a solicitude, mediante a emisión dunha certificación positiva ou negativa.
- Os importes anuais percibidos da Renda de Inclusión Social de Galicia para a persoa e o ano indicado na consulta.
- O importe percibido da Renda de Inclusión Social de Galicia para a persoa indicado e o ano no que se realiza a consulta.

As consultas dos tres servizos poderán realizarse por calquera Administración pública, sempre que estas sexan necesarias para a tramitación dun procedemento da súa competencia e o organismo conte co consentimento das persoas interesadas nos termos establecidos pola normativa básica de protección de datos de carácter persoal, ou unha norma con rango de Lei así o determine, salvo que existan restricións conforme á normativa de aplicación aos datos e documentos solicitados.

As informacións de ser beneficiario da Renda de Inclusión Social de Galicia e os importes percibidos, que se intercambian a través do nodo de interoperabilidade de Galicia pasaXe!, están incluídas no ficheiro “Historia social única electrónica” do que é responsable a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social.

As consultas realizarase a través do nodo de interoperabilidade de Galicia pasaXe!, como plataforma tecnolóxica de intercambio de datos entre os órganos e entidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e con outras Administracións públicas.

Así mesmo, o sistema poderá permitir a obtención por parte das persoas interesadas dun certificado no que consten as informacións e datos accesibles a través do servizo de interoperabilidade obxecto deste acordo da que son titulares, mediante o servizo de resposta automatizada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Terceira.- Roles e responsabilidades

A Consellería de Política Social e a Amtega asumen os roles e responsabilidades de cedente e emisor respectivamente de conformidade coas previsións sobre axentes nos intercambios de datos da Norma



Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de intermediación de datos, aprobada a través da Resolución do 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

Así, a Consellería de Política Social asume entre as devanditas responsabilidades a de facilitar a información actualizada de ser beneficiario da Renda de Inclusión Social de Galicia e os importes percibidos para a súa consulta a través de pasaXel.

Do mesmo xeito, a Amtega garantirá unhas condicións mínimas de dispoñibilidade, fiabilidade e seguridade da información transmitida.

Cuarta.- Condicións de prestación do servizo

As consultas dos servizos realizaranse a través do nodo de interoperabilidade de Galicia pasaXel segundo as condicións de horario, dispoñibilidade e resolución de incidencias definidos no Catálogo de servizos de interoperabilidade.

Quinta.- Incorporación do servizo no Catálogo de servizos de interoperabilidade

A Amtega incorporará os servizos obxecto deste acordo no Catálogo de servizos de interoperabilidade da Administración xeral e do sector público autonómico onde se incluírá a información prevista no artigo 8 do Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica.

Sétima.- Protección de datos e confidencialidade

Dentro do alcance do presente acordo, a Amtega é a encargada do tratamento do ficheiro de titularidade da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, para o tratamento dos datos de carácter persoal estritamente necesarios para o desenvolvemento do previsto neste acordo. Neste sentido, empregaranse unicamente os datos necesarios para o desenvolvemento do acordo que, sempre que sexa posible, se tratarán de forma automática e sen intervención humana.





As partes comprométense a cumprir e facer cumprir os deberes de segredo profesional, de confidencialidade, así como as medidas de seguridade establecidas na lexislación aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

Oitava.- Réxime económico

O previsto no presente acordo levarase a cabo nos termos aquí establecidos e sen contraprestación económica por algunha das partes.

Novena.- Modificación, denuncia e resolución

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este acordo en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de trinta días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

Décima. Natureza Xurídica e resolución de conflitos.

O presente convenio, que ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.



Décimo primeira.- Publicidade e inscrición en rexistros.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do Acordo, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do Acordo, formada por dous representantes da Amtega, dous representantes da Consellería de Política Social, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste Acordo, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

Pola Amtega, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da Área de Modernización das Administracións Públicas, ou persoa que a substitúa.

Pola Consellería de Política Social, a persoa titular da Dirección Xeral que teña entre as súas competencias as actuacións derivadas deste Convenio, ou persoa na que delegue, e a persoa titular da xefatura de área que teña entre as súas competencias as actuacións derivadas deste Convenio, ou persoa que a substitúa.





Décimo terceira. Vixencia

Este acordo producirá efectos desde o momento da súa sinatura e terá vixencia de catro anos, sen prexuízo da súa prórroga automática anual ata un máximo de catro anos salvo renuncia formalizada por calquera das partes asinantes deste convenio con antelación á finalización do período correspondente.

Lido este acordo por ambas as dúas partes, en proba de conformidade asinan e outorgan por exemplar duplicado.

A directora da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

O conselleiro de Política Social



Mar Pereira Álvarez



José Manuel Rey Varela